



# Plan de desenvolvemento sostible



# PLAN DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

## *Acción de Progreso*

### **O NOSO OBXECTIVO**

**"Acción pola paz e o progreso" (Plan Estratéxico da USC)**

### **O NOSO COMPROMISO**

***Formar persoas e producir ciencia e tecnoloxía baixo criterios de sostibilidade fomentando en tódolos membros da comunidade universitaria, o sentido da responsabilidade polo coñecemento, conservación e mellora do medio ambiente***

### **A NOSA ACHEGA**

***Un modelo integrador do medio ambiente na universidade, exportable ó resto da sociedade.***

***A nosa ciencia e os nosos recursos ó servizo da sociedade para contribuír á creación dun modelo de desenvolvemento sostible.***

# INTRODUCCIÓN

As universidades son o espacio natural do coñecemento, a investigación e a docencia e polo tanto instrumentos de transformación da sociedade, desenvolvemento intelectual e promoción da liberdade de pensamento. Este papel implica unha responsabilidade social, que non pode ser esquivada e que abarca a responsabilidade co desenvolvemento sostible e, nese marco, co medio ambiente.

O papel clave do sistema educativo, e polo tanto das universidades na concienciación medioambiental, fai que asistamos cada vez máis a unha integración do aspecto medioambiental en tódalas disciplinas e mesmo tamén nos propios sistemas de xestión. Pero non é só un problema de definición de plans de estudio senón que impregna toda a vida universitaria, no convencemento de que a vivencia nun contorno que ten un compromiso co medio ambiente transfere actitudes, habilidades e comportamentos vitais exportables ó resto da sociedade, máxime cando estes se potencian a través da sensibilización e divulgación

Deste xeito a universidade aparece cunha responsabilidade propia na difusión da preocupación ambiental e na contribución de solucións ós conflitos no devandito campo, introducindo melloras na actividade humana, na súa relación coa natureza e coa mellor xestión dos recursos que esta nos proporciona, de aí que xurdiran diversas iniciativas internacionais, nacionais e mesmo galegas que se están a levar a cabo nun traxecto de longo percorrido histórico, cun importante protagonismo de Nacións Unidas e, máis especialmente da UNESCO: Programa MAB, Conferencias Intergubernamentais de Educación Ambiental (especialmente as celebradas en Tbilisi en 1977 e Moscova en 1987, pola súa alusión ó papel das universidades e da formación superior); as reunións e congresos de París, Toronto e

mesmo Santiago de Compostela; as conferencias de Estocolmo, Río e Johannesburgo; a conferencia de Tesalonika. Máis recentemente é necesario engadi-la *Declaración de Talloires* de 1991 a partir da que se creou a *Association of University Leaders for a Sustainable Future* e a *Declaración de Universidades para un Desarrollo Sostenible* en 1992 no marco da *Conferencia de Rectores de Europa*; así mesmo a relevancia, que se destaca no documento do Plan da *Organización Internacional de universidades para o Desenvolvemento Sostible e o Medio Ambiente* (OIUDSMA) creada en 1996 por universidades ibero-americanas; a *Environmental Management for Sustainable Universities Conference* celebrada en 1999 en Suecia e o UNESCO Network for Reorienting Teacher Education towards Sustainability, que comezou o seu traballo en outubro de 2000 en Toronto. Entre as publicacións periódicas é destacable a *International Journal of Sustainability in Higher Education*.

En España aparecen iniciativas *estratéxicas* que se recollen no *Libro Branco de Educación Ambiental*, elaborado polo Ministerio de Medio Ambiente e as Estratexias Autonómicas, entre elas a Galega, de *Educación Ambiental*, con epígrafes específicos adicados ó ensino superior e ás universidades; a rede ACES de *Ambientación Curricular dos Estudos Superiores*, constituída no ano 2000 co obxectivo de presentar un proxecto común ó Programa ALFA da Unión Europea, co que formalizaron contrato en decembro de 2001, integrando 5 universidades europeas e 6 de América Latina; e por último a creación no seno da CRUE en setembro de 2002 dun grupo de Traballo sobre calidade ambiental e desenvolvemento sostible, presidido pola Universidade Autónoma de Madrid recollendo as iniciativas de *ambientalización* promovidas en universidades como Alacante, Autónoma de Barcelona, Autónoma de Madrid, Girona, etc.

Todas estas iniciativas enmárcanse no que o Tratado de Constitución da Unión Europea, resolucións e programas posteriores establecen con respecto á necesidade dun desenvolvemento sostible. En concreto o programa *Hacia un desarrollo sostenible* aprobado por Resolución de 1 de febreiro de 1993 destaca o papel e a responsabili-

dade das organizacións para protexer o medio ambiente, pedindo que se amplíe a gama de instrumentos de protección e demandando un comportamento proactivo, máis alá do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación.

En liña con estas exposicións a USC é consciente da necesidade de incorpora-la ética da sostibilidade e medioambiental a toda a súa actividade e **decidiu asumir-la responsabilidade de producir formación, ciencia e tecnoloxía baixo criterios de sostibilidade, fomentando en tódolos membros da comunidade universitaria, o sentido da responsabilidade pola conservación e mellora do medio ambiente**. Para que estas propostas non se queden estancadas en principios xenéricos e teóricos, a USC elabora un PLAN DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE como ferramenta de xestión que, ademais de explicita-lo compromiso da USC cun desenvolvemento deste tipo, permitirá optimiza-los recursos dispoñibles e chegar globalmente a outras institucións e á sociedade en xeral.

## O PLAN DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

A USC participa da cultura do medio ambiente e a sostibilidade que aparece reflectida nos postulados do Plan estratéxico a través do eixe **ACCIÓN POLA PAZ E O PROGRESO**, xa que progreso e sostibilidade constitúen un binomio indisoluble.

A USC foi das primeiras universidades europeas en incorporar materias de corte medioambiental ó introducir, no ano 1982, estas materias no título de pedagogía e despois estendela ás titulacións de ciencias da educación. Na actualidade esta oferta abrangue non só titulacións de primeiro e segundo ciclo (Enxeñería Agrónoma, Enxeñería de Montes, Enxeñería Química, Bioloxía, Farmacia, Química) senón tamén unha titulación propia como *Graduado Superior en Enxeñería Ambiental*, sen esquecer os programas de doutoramento que comprenden un amplo espectro que vai desde as áreas técnicas e experimentais ata as Xurídico-Sociais ou a participación no Programa Interuniversitario de Educación Ambiental .

No que respecta á xestión ambiental a USC foi pioneira na implantación dun sistema de xestión eficiente da enerxía, a través do desenvolvemento e posta en marcha do Plan de Optimización Enerxética (POE), iniciativa que colocou á universidade nunha posición preeminente neste campo. A preocupación pola prevención e o correcto tratamento de residuos levou á USC a crear a UNIDADE DE XESTIÓN DE RESIDUOS PERIGOSOS, e a sinatura de convenios con empresas para a recollida de papel e cartonaxe. A promoción da calidade de vida nos campus facendo compatible o respecto polo patrimonio ecolóxico que contén e o uso universitario, aconsellaron a realización dun *Estudio de mobilidade* a fin de coñecer as solucións a

implantar para lograla recuperación de espacios a través da promoción do transporte público, reordenación de aparcadoiros, actuacións de reorganización dirixidas á mellora de zonas peonís, recuperación de zonas arboradas e arbustivas, así como incentivación e creación de hábitats adecuados para o axeitado de-senvolvemento da fauna urbana e periurbana.

A calidade de vida está fortemente vinculada á existencia dunhas condicións de traballo axeitadas que garantan a seguridade e saúde de todos e cada un dos que traballamos na universidade. A USC foi pioneira no compromiso pola prevención dos riscos na práctica diaria dos seus traballadores, que xa viña sendo efectivo antes da aparición da Lei 31/1995 a través dos servicios de Medicina de Empresa e de Seguridade e Protección Radiolóxica, renovándose coa constitución do Comité de Seguridade e Saúde e o Servicio de Prevención de Riscos (SPR), creado por acordo da Xunta de Goberno do 22 de decembro do ano 1998.

O SPR está integrado polas áreas de Vixilancia da Saúde, Protección Radiolóxica, Seguridade, Xestión de Residuos, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía e o seu obxectivo principal é a mellora continua das condicións do traballo do persoal, integrando a prevención no conxunto das actividades docentes, investigadoras e de servicios e afectando a tódolos niveis xerárquicos. Este obxectivo adquire maior relevancia se temos en conta a función social da universidade, que facilita as condicións para que a USC poida constituirse en modelo na promoción da mellora das condicións de traballo, aproveitando a súa posición para a divulgación da cultura preventiva entre os estudantes.

O SPR ocúpase da planificación da prevención e ten feita a avaliación inicial dos riscos inherentes ó traballo, establecendo as medidas que cómpre tomar para elimina-los riscos evitables e cuantificando aqueles que non se poidan evitar, fixando os procedementos de actuación necesarios para as ocasións nas que o risco se materialice. Neste marco realiza estudos específicos acerca de condicións ambien-

tais tales como ruído, emisións... e atende a formación e información dos traballadores para un mellor coñecemento do alcance real dos riscos e da maneira de prevelos e evitalos.

No marco da sensibilización e divulgación é reseñable a achega que a universidade realizou ó documento *Estratexia Galega de Educación Ambiental* promovido pola Consellería de Medio Ambiente, sen esquecer-la implantación das BOLSAS VERDES destinadas a promover accións de mellora medioambiental entre a comunidade universitaria.

Todas estas iniciativas, sendo valiosas, necesitan dun elemento de coordinación que as aglutine e reforce, aliñeándoas cos obxectivos estratéxicos da USC, de modo que xa non serán froito da acción de individuos ou grupos determinados, senón que nacerán dunha decisión institucional, que se executará pola contribución de cada un en función dos obxectivos e prioridades definidos corporativamente, de aí a necesidade de elaborar un Plan.

O Plan de Desenvolvemento Sostible pretende se-la resposta da USC á demanda social que reclama das institucións accións concretas para a mellora do medio ambiente, no convencemento de que o modelo de xestión ambiental da universidade, é valioso polo efecto exemplificador fronte a outras institucións e pola función educativa de futuros profesionais, ó ofrecer e transmitir novos modelos de pautas e conductas respectuosas co medio. **A través do Plan a USC pon a súa ciencia, tecnoloxía e os seus recursos didácticos e investigadores a disposición da sociedade para contribuír á creación dun modelo de desenvolvemento sostible,**

## DESDE A XERACIÓN DE COÑECEMENTO:

- Reforzando nos seus plans e programas de estudos a orientación medioambiental e promovendo a sensibilización ambiental de tódolos cidadáns.
- Intensificando a investigación ambiental que permita o desenvolvemento de ciencia e tecnoloxía transferible á sociedade para a mellora do medio ambiente e a sostibilidade.
- Formando ós profesionais da xestión ambiental a través da introducción de programas específicos na súa oferta de másters e estudos de posgrao.

## DESDE A XESTIÓN:

- Reducindo o impacto ambiental das súas actividades, a través de políticas de conservación de recursos, prevención da contaminación, optimización enerxética, reciclaxe e correcto tratamento de residuos.
- Utilizando o seu patrimonio ecolóxico como un activo económico e social que como tal ten que ser conservado e potenciado.

O obxectivo último é definir un modelo integrador do medio ambiente na universidade, que sexa exportable ó resto da sociedade. Por isto o Plan ordena as súas actuacións non só segundo criterios formativos dos xestores senón que introduce tamén a participación e implicación da comunidade universitaria nesta xestión e a súa divulgación. **Non é posible facer unha boa educación ambiental na universidade se non se ve reforzada por unha correcta xestión dos aspectos ambientais, e tampouco funcionará unha xestión ambiental sostible da universidade sen fomentar a participación activa de toda a comunidade universitaria.**

## DESCRIPCIÓN DO PLAN

Para logra-la implicación de toda a comunidade universitaria o Plan dividiuse en tres grandes eixes de actuación, vertebradores dos obxectivos a longo prazo, en torno ós que se articulan proxectos que se despregan en accións a realizar, incluíndo tamén as iniciativas xa existentes na USC que se recoñecen e potencian.

### Eixe 1: XERACIÓN DE COÑECEMENTO E EDUCACIÓN AMBIENTAL

A través deste eixe a USC tratará de integra-lo respecto ó medio ambiente e a súa sostibilidade na formación das persoas, por isto tratará de incrementar significativamente a súa oferta de estudos en materia medioambiental. É necesario identifica-las oportunidades de crecemento e expansión dos programas de novas titulacións (Ciencias Ambientais, Enxeñería Ambiental) así como da formación ambiental de Programas de 1ª e 2º Ciclo, sen esquecer a formación dirixida a profesionais en exercicio: fomentarse o estudio e coñecemento dos sistemas ambientais, en especial da xea, auga, aire, solo e biota participando activamente na caracterización do seu estado, distribución, sensibilidade, tendencias de evolución, riscos de degradación así como nas posibilidades de recuperación e utilización sostible. Estas actividades realizaranse con sentido universal pero con particular incidencia no contorno máis próximo da USC (Galicia, España e Unión Europea).

No ámbito da investigación a USC impulsará a busca de alternativas científicas e tecnolóxicas orientadas a resolver os problemas

derivados da interrelación entre a actividade humana e o medio, fomentará a interdisciplinabilidade e reforzará a presenza da universidade nos organismos e institucións con competencias en materia de medioambiente.

## **Eixe 2: PLANIFICACIÓN XESTIÓN E AVALIACIÓN AMBIENTAL**

Os proxectos incluídos neste epígrafe inciden na liña de promover e desenvolver prácticas destinadas a maximizar os beneficios e diminuí-los riscos ambientais da actividade universitaria. A xestión ambiental ten unha faceta educativa para tódolos integrantes da comunidade que se procurou incorporar á hora de planificar as accións de intervención a este nivel, de aí que a avaliación de resultados se realice no só desde o punto de vista económico ou ambiental senón tamén desde a vertente de eficacia educativa, valorando a súa transcendencia máis alá da comunidade universitaria. É necesario que os resultados sexan visibles para aqueles cos que a universidade se relaciona, a fin de facilitar a transferencia do modelo a outras institucións públicas ou privadas.

## **Eixe 3: SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL E PARTICIPACIÓN**

A sensibilización ambiental da comunidade universitaria é fundamental para alcanzar unha verdadeira mellora, por isto unha liña prioritaria de intervención é a creación dunha conciencia ecolóxica que impulse a participación da comunidade universitaria en actividades ligadas á mellora ambiental da universidade en particular, e da sociedade en xeral.

En consecuencia o universo de beneficiarios do Plan non se circunscribe á comunidade universitaria senón que ha de abarcar cando menos a todos aqueles que manteñen unha relación directa con ela: institucións locais, autonómicas, empresas, outras universidades... que han de sentirse beneficiarios das accións desenvolvidas pola USC, percibíndoas como melloras para si mesmos. Por isto, é imprescindible a difusión das actuacións levadas a cabo no só a través de actuacións de comunicación senón tamén traballando con persoas e entidades públicas e privadas alleas á universidade, para axudalas a que melloren as súas actuacións en materia de medio ambiente e sostibilidade. Neste sentido é fundamental o establecemento de redes de información e colaboración que permitan o intercambio e a difusión de experiencias en torno ós elementos clave do Plan.



## COORDINACIÓN DO PLAN

A xestión do Plan será distribuída entre os diferentes ámbitos sen necesidade de crear novas estruturas, así a coordinación xeral correrá a cargo do Vicerrectorado de Calidade e Planificación Estratéxica, e a xestión corresponderá ás unidades ou servicios afectados polas accións propostas.

O Plan é un documento vivo que deberá evolucionar ó longo do tempo a medida que se vaian cumprindo os proxectos establecidos e incorporando outros novos para responder ás novas demandas da USC. Por isto é esencial a súa avaliación e seguimento, que será competencia da COMISIÓN DE CALIDADE E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DO CONSELLO DE GOBERNO quen ademais poderá proñer novos proxectos e considerar alternativas de patrocinio e financiamento.

Para medi-la eficacia das accións propostas e o éxito alcanzado no cumprimento dos obxectivos marcados, o Plan prevé unha serie de indicadores que permiten avaliar e, de acordo cos resultados, establecer novas accións ou modifica-las xa existentes, procedemento esencial para garanti-la vixencia dos obxectivos perseguidos.

O Plan será financiado nun 50% pola USC e o 50% restante segundo achegas externas tanto doutras administracións públicas como de patrocinadores privados.

## PLAN DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

EIXE	PROXECTO	OBXECTIVO	ACTUACIÓN	INDICADORES	RESPONSABLES	FINANCIAMENTO
Xeración de coñecemento e educación ambiental	Incorpora-la educación medioambiental e a sostibilidade nos plans de estudio da USC	Incrementa-la orientación medioambiental do mapa de titulacións da USC	<p>➤ <b>Oferta de titulacións:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Estudia-la oferta de titulacións de contido ambiental na USC para detectar carencias e oportunidades.</li> <li>Explora-las posibilidades de introduci-la orientación medioambiental nas titulacións con menos demanda.</li> </ol> <p>➤ <b>Plans de Estudio:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Incluí-la educación ambiental como materia obrigatoria e/ou optativa nos plans de estudio de titulacións relacionadas co coñecemento e a xestión do medio ambiente.</li> <li>Incluír unha materia de introdución ó medio ambiente.</li> <li>Ofertar como créditos de libre configuración ou optativos actividades de contido ambiental.</li> <li>Promover unha orientación medioambiental nos proxectos de fin de carreira e traballos academicamente dirixidos, conectando estes traballos con liñas de actuación promovidas desde as Administracións Públicas.</li> </ol> <p>➤ <b>Inserción laboral:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Establecer convenios marco entre a universidade e as distintas administracións con competencias educativas e ambientais, para que os estudantes universitarios poidan realizar prácticas preprofesionais en centros, programas ou servicios de xestión medioambiental con proxección educativa.</li> </ol> <p>➤ <b>Profesorado:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Artellar recursos de formación medioambiental: e-ámbito, bibliografía, cursos para o profesorado.</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>📎 N° de estudos realizados</li> <li>📎 N° de titulacións postas en marcha, se procede</li>   <li>📎 % de planos de estudio coa materia de educación medioambiental</li> <li>📎 % de licenciaturas e diplomaturas coa materia de introdución ó medio ambiente</li> <li>📎 N° de estudantes matriculados</li> <li>📎 % de traballos fin de carreira academicamente dirixidos con orientación medioambiental</li>   <li>📎 N° de convenios asinados</li> <li>📎 N° de estudantes en prácticas</li>   <li>📎 N° de accións de formación dirixidas ó persoal docente</li> <li>📎 N° de visitas ó e-ámbito</li> </ul>	VR Ordenación Académica e Profesorado VR Coordinación do Campus de Lugo Consello Social	Consellería de Medio Ambiente USC Externo

## PLAN DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

EIXE	PROXECTO	OBXECTIVO	ACTUACIÓN	INDICADORES	RESPONSABLES	FINANCIAMENTO
Xeración de coñecemento e educación ambiental	Terceiro Ciclo, Posgrao e Formación Continua	Mellora-la oferta de másters e cursos, con iniciativas dirixidas a facilita-la formación permanente e a reciclaxe científica e profesional de técnicos xestores ambientais	<p>☛ <b>Terceiro Ciclo:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Deseñar un mapa interno e externo da oferta de formación ambiental.</li> <li>Mellorar e coordina-la oferta de cursos de doutoramento en materia de medio ambiente e sostibilidade tendendo cara a un programa único cunha proposta global que teña en conta os aspectos de interdisciplinidade e fomenta a cooperación entre os responsables dos programas existentes.</li> <li>Deseñar novas iniciativas que sexan na súa composición e temática de carácter intercentros, interáreas e interdisciplinares.</li> </ol> <p>☛ <b>Cursos de posgrao:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Mellorar e completa-la oferta de cursos e másters dirixidos á formación dos técnicos e xestores ambientais.</li> <li>Analiza-la viabilidade de impartir accións de formación <i>in Company</i> dirixidas á formación de xestores ambientais das empresas.</li> </ol> <p>☛ <b>4º Ciclo:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Introducir materias medioambientais na oferta de cursos de Cuarto Ciclo.</li> </ol>	<p>📎 N° de estudos realizados</p> <p>📎 N° de cursos implantados</p> <p>📎 N° de estudantes matriculados</p> <p>📎 N° de profesionais matriculados</p> <p>📎 N° de empresas e institucións colaboradoras</p> <p>📎 N° de iniciativas postas en marcha, se procede</p> <p>📎 % de grao de interdisciplinidade das iniciativas en marcha</p>	VR Ordenación Académica e Profesorado VR Terceiro Ciclo e Extensión Docente VR Coordinación do Campus de Lugo	Consellería de Medio Ambiente USC Externo

## PLAN DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

EIXE	PROXECTO	OBXECTIVO	ACTUACIÓN	INDICADORES	RESPONSABLES	FINANCIAMENTO
Xeración de coñecemento e educación ambiental	Investigación	Potencia-lo desenvolvemento de liñas de investigación básica e aplicada nos ámbitos da sostibilidade ambiental	<p>➤ <b>Fomento da investigación:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Facilita-la investigación de temática ambiental.</li> <li>2. Elaborar proxectos de investigación pluridisciplinaís en medio ambiente e sostibilidade.</li> <li>3. Establecer acordos coas administracións públicas que permitan manter liñas de investigación estable sobre materias de alto interese medioambiental.</li> <li>4. Reforza-las publicacións de temática ambiental (revistas, monografías, libros...) realizadas pola USC.</li> </ol> <p>➤ <b>Infraestructuras:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>5. Crear institutos universitarios especializados en ciencia, tecnoloxía e xestión medioambiental.</li> <li>6. Reforzar e crear novos laboratorios capaces de actuar en sistemas de monitorización ambiental en colaboración cos Organismos oficiais.</li> <li>7. Elabora-lo programa de acreditación de laboratorios (ENAC).</li> </ol> <p>➤ <b>Presencia institucional:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>8. Incrementar e poñer en valor a presenza institucional da USC nos organismos con competencias medioambientais como vía para asegura-la capacidade de interlocución neste ámbito.</li> <li>9. Asegura-la estabilidade institucional das accións de asesoramento prestadas ás Empresas e/ou Administracións a través de figuras que fagan visible a presenza da USC.</li> <li>10. Incrementa-la presenza da USC na discusión e elaboración das liñas de carácter ambiental dos programas marco de investigación.</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>📎 N° de grupos de investigación que participan</li> <li>📎 N° de proxectos financiados con cargo a liñas medioambientais/total de proxectos financiados</li> <li>📎 % de grao de interdisciplinariedade das iniciativas en marcha</li> <li>📎 N° de publicacións de temática medioambiental.</li>   <li>📎 N° de institutos creados</li> <li>📎 N° de laboratorios creados</li> <li>📎 N° de laboratorios acreditados</li>   <li>📎 N° de organismos con presenza institucional da USC</li> <li>📎 % de convenios asinados coas administracións e empresas/total de proxectos financiados</li> <li>📎 % de participación do persoal da USC en órganos de xestión medioambiental.</li> </ul>	VR Ordenación Académica e Profesorado VR Investigación e Innovación VR Coordinación do Campus de Lugo VR Tecnoloxías e Infraestructuras	USC Consellería de Medio Ambiente Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural Consellería de Innovación, Industria e Comercio Externo

## PLAN DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

EIXE	PROXECTO	OBXECTIVO	ACTUACIÓN	INDICADORES	RESPONSABLES	FINANCIAMENTO
Planificación, xestión e avaliación ambiental	Deseño e ordenación urbana	Mellora-las infraestruturas e servicios introducindo criterios ambientais na planificación e desenvolvemento dos campus	<p>➤ <b>Deseño e ordenación urbana:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducir criterios ambientais e bioclimáticos no deseño de edificios.</li> <li>2. Planifica-las áreas de crecemento urbano.</li> <li>3. Elaborar programas de optimización/reutilización de espazos.</li> <li>4. Selecciona-las especies vexetais máis adecuadas, deseño de novas áreas e promoción da biodiversidade nos campus.</li> </ol> <p>➤ <b>Mellora de accesibilidade:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>5. Estudia-la mobilidade no campus: seguimento e análise da situación do transporte no campus.</li> <li>6. Executar viais e actuacións de reurbanización.</li> <li>7. Incrementa-las zonas peonís e acondicionamento das existentes, planificando e reordenando os aparcadoiros.</li> <li>9. Promociona-lo transporte público e fórmulas de transporte ecolóxicas.</li> <li>10. Elimina-las barreiras arquitectónicas de edificios e rúas.</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>📎 % de criterios introducidos nos pregos que rexen as contratacións</li> <li>📎 Nº de convenios en materia urbanística</li> <li>📎 % de proxectos de urbanización do campus redactados con criterios ambientais</li> <li>📎 % de instalacións optimizadas</li> <li>📎 Nº de programas de reutilización de espazos elaborados</li> <li>📎 Nº de especies inventariadas</li> <li>📎 Nº de programas de conservación da diversidade</li>   <li>📎 Nº de prazas de aparcadoiro e nivel medio de ocupación</li> <li>📎 % de proxectos de aparcadoiros redactados con criterios ambientais</li> <li>📎 Nº de acordos cos operadores de transporte público</li> <li>📎 Nº de actividades de promoción do transporte responsable</li> <li>📎 Nº de barreiras eliminadas</li> </ul>	VR Tecnoloxías e Infraestruturas VR Coordinación do Campus de Lugo Xerencia	USC Consellería de Medio Ambiente Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda Concello de Santiago. Concello de Lugo Deputación da Coruña Deputación de Lugo

## PLAN DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

EIXE	PROXECTO	OBXECTIVO	ACTUACIÓN	INDICADORES	RESPONSABLES	FINANCIAMENTO
Planificación, xestión e avaliación ambiental	Xestión enerxética	Optimiza-la xestión dos recursos enerxéticos dispoñibles reducindo o gasto de enerxía e recursos	<p>🔹 <b>Eficiencia enerxética:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Diminuí-lo consumo de auga e/ou control de augas residuais (mecanismos de rega máis eficaces, temporizadores nas billas, sistemas de refrixeración pechados).</li> <li>2. Avalia-la situación enerxética e estudia-la implantación completa do POE nos campus de Santiago e Lugo.</li> <li>3. Definir e Implantar un sistema de Xestión do POE.</li> <li>4. Redefini-lo modelo de mantemento da USC a partir da elaboración dun plan de mantemento integral dos edificios e instalacións que ademais dos aspectos vinculados á resolución de avarías atenda tamén ó mantemento preventivo e a optimización enerxética.</li> <li>5. Capacita-las novas categorías que sexa necesario deseñar para atende-las necesidades derivadas da implantación do sistema.</li> <li>6. Valora-la viabilidade de uso de enerxías renovables.</li> </ol> <p>🔹 <b>Medidas de control:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>7. Instalar un sistema de medición de niveis de emisións.</li> <li>8. Avaliar e controla-los indicadores ambientais relativos á calidade do aire.</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>📎 % de redución de consumos de auga, auga para rega</li> <li>📎 % de auga reciclada utilizada para rega</li> <li>📎 Nº de sistemas de control de augas residuais implantados</li> <li>📎 Sistema de xestión do POE definido</li> <li>📎 Nº de traballadores implicados na xestión do POE</li> <li>📎 % de reestructuración da Área de Mantemento</li> <li>📎 % de redución das incidencias por avarías</li> <li>📎 % de diminución dos riscos medios e altos derivados de deficiencias de mantemento</li> <li>📎 Nº de contratacións de estudos de viabilidade</li> <li>📎 Nº de estudos realizados para a implantación de enerxías renovables</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>📎 Sistema de medición de niveis de emisións</li> <li>📎 Cadro de mando de indicadores ambientais</li> </ul>	VR Tecnoloxías e Infraestruturas VR Estudiantes VR Coordinación do Campus de Lugo Xerencia	USC Consellería de Medio Ambiente Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda Instituto Galego da Enerxía Concello de Santiago. Concello de Lugo Deputación de A Coruña. Deputación de Lugo

## PLAN DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

EIXE	PROXECTO	OBXECTIVO	ACTUACIÓN	INDICADORES	RESPONSABLES	FINANCIAMENTO
Planificación, xestión e avaliación ambiental	Calidade ambiental	Redución do impacto ambiental ocasionado pola actividade da USC	<p>👉 <b>Redución de residuos:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Incrementa-los procesos de redución, reciclaxe e reutilización de residuos.</li> <li>Reutilización e compostaxe dos residuos vexetais que se xeren na USC (actividades de xardinería, podas...).</li> <li>Elaborar plans de valorización dos residuos e subproductos de difícil saída que xere a universidade.</li> <li>Elaborar e implantar un plan de minimización de residuos e inertización de residuos perigosos.</li> </ol> <p>👉 <b>Xestión de residuos:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Xestionar integradamente os residuos tóxicos, perigosos, biolóxicos e radioactivos.</li> <li>Desenvolver un plan de xestión de residuos non perigosos (papel, tóner, pilas, vidro non contaminado...).</li> <li>Obte-la cualificación de xestor de residuos para o Servicio de Recollida de Residuos.</li> <li>Establecer en colaboración cos organismos públicos competentes un programa de recollida de residuos a pequenos produtores alleos á USC..</li> <li>Construír puntos limpos para a recollida de residuos non perigosos xerados por particulares).</li> <li>Construír un almacén de residuos (campus de Santiago e Lugo).</li> </ol> <p>👉 <b>Xestión ambiental:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Avanzar cara á implantación do sistema comunitario de xestión e auditoría medioambiental (EMAS) e obte-la <i>ISO 14001</i> para o Servicio de Recollida de Residuos.</li> <li>Introducir criterios ambientais na formalización de contratos e compra de materiais da universidade.</li> <li>Implicar á USC nas Axendas 21 locais.</li> </ol>	<p>📎 N° de sistemas de reutilización implantados</p> <p>📎 N° de plans de valorización elaborados</p> <p>📎 N° de plans de minimización implantados</p> <p>📎 % de produción de residuos por tipoloxía</p> <p>📎 N° de programas de redución postos en marcha</p> <p>📎 N° de sistemas de xestión de residuos implantados</p> <p>📎 N° de sistemas de recollida selectiva implantados</p> <p>📎 N° de bidóns e tipoloxía</p> <p>📎 N° de programas de recollida implantados</p> <p>📎 N° de puntos limpos construídos</p> <p>📎 N° de convenios con operadores do sector</p> <p>📎 Obtención da <i>ISO 14001</i></p> <p>📎 % criterios ambientais dos pregos</p> <p>📎 % de implicación nas Axendas 21</p>	<p>VR Tecnoloxías e Infraestruturas</p> <p>VR Estudiantes</p> <p>VR Coordinación do Campus de Lugo</p> <p>Xerencia</p> <p>Servicio de Prevención de Riscos</p>	<p>USC</p> <p>Consellería de Medio Ambiente</p> <p>Consellería de Innovación, Industria e Comercio</p> <p>Concello de Santiago</p> <p>Concello de Lugo</p>

## PLAN DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

EIXE	PROXECTO	OBXECTIVO	ACTUACIÓN	INDICADORES	RESPONSABLES	FINANCIAMENTO
Divulgación, participación, sensibilización	Aula Verde	A sensibilización da comunidade universitaria implicándoa en proxectos ambientais, tanto internos como externos	<p>➤ <b>Voluntariado:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Crea-la <i>Aula Verde</i> como elemento de coordinación das actuacións estudiantís de sensibilización medioambiental e mellora da calidade de vida en xeral.</li> <li>2. Crea-la figura de <i>Voluntario Ambiental</i>.</li> <li>3. Crear Bolsas Verdes para estudantes.</li> <li>4. Forma-los voluntarios e bolseiros ambientais.</li> <li>5. Promocionar proxectos de voluntariado ambiental internos e externos.</li> </ol> <p>➤ <b>Consumo responsable:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>6. Promover campañas de aforro enerxético que incidan no consumo responsable de enerxía.</li> <li>7. Promove-lo consumo de produtos ecolóxicos de <i>Comercio Xusto</i> entre a comunidade universitaria.</li> <li>8. Promove-la utilización de produtos ecolóxicos e de <i>Comercio Xusto</i> nas cafeterías.</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>📎 N° de voluntarios</li> <li>📎 N° de bolsas</li> <li>📎 N° de actividades desenvolvidas</li> <li>📎 N° de participantes nas actividades</li> <li>📎 N° de proxectos acadados</li>   <li>📎 N° de campañas de divulgación do consumo responsable implantadas</li> <li>📎 % de produtos de <i>Comercio Xusto</i> consumidos</li> </ul>	VR Tecnoloxías e Infraestruturas VR Estudiantes VR Comunicación e Proxección Exterior VR Coordinación do Campus de Lugo Xerencia	USC Consellería de Medio Ambiente Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado Externo



## PLAN DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

EIXE	PROXECTO	OBXECTIVO	ACTUACIÓN	INDICADORES	RESPONSABLES	FINANCIAMENTO
Divulgación, participación, sensibilización	Difusión interna e externa das actividades	Divulga-la cultura da calidade ambiental	<p>➤ <b>Na comunidade universitaria:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Establecer programas de formación para investigadores que favorezan a introducción de criterios medio ambientais no desenvolvemento da investigación.</li> <li>2. Establecer, nos programas de formación para PAS, unha liña de formación medioambiental que favoreza a introducción de criterios medioambientais na prestación dos servizos da USC.</li> <li>3. Promover actividades colectivas de divulgación.</li> <li>4. Favorecer proxectos editoriais interuniversitarios para a publicación de materiais didácticos, científicos e formativos que sirvan como ferramentas de apoio pedagóxico á formación inicial e permanente de educadores.</li> <li>5. Promove-lo acondicionamento de zonas para non fumadores.</li> </ol> <p>➤ <b>Da comunidade universitaria á sociedade :</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>6. Crear unha páxina web.</li> <li>7. Participar en foros ambientais.</li> <li>8. Crear unha rede ou servizo interuniversitario de información en materia de educación ambiental, que permita rendibilizalos fondos e recursos documentais e bibliográficos existentes nas universidades galegas; así como poñer á disposición da sociedade galega e doutras institucións públicas e privadas a súa utilización.</li> <li>9. Incentiva-lo Museo de Historia Natural e as súas actividades.</li> <li>10. Participar no grupo de traballo da CRUE sobre calidade ambiental e desenvolvemento sostible e noutras redes de universidades que se poidan constituír para esta fin.</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>📎 N° de cursos ofertados/total de cursos</li> <li>📎 N° asistentes/ total asistentes Programa de Formación</li> <li>📎 N° de actividades</li> <li>📎 N° de participantes</li> <li>📎 N° de publicacións</li> <li>📎 % de espazo acondicionado para non fumadores nas cafeterías, comedores e residencias universitarias</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>📎 N° de visitas á páxina web</li> <li>📎 N° de redes creadas</li> <li>📎 % de participación en foros ambientais</li> <li>📎 N° de actividades desenvolvidas no museo</li> <li>📎 % de impacto das actividades desenvolvidas</li> </ul>	VR Estudiantes VR Tecnoloxías e Infraestruturas VR Comunicación e Proxección Exterior VR de Investigación e Innovación VR Coordinación do Campus de Lugo Xerencia	USC Consellería de Medio Ambiente Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado Externo
	Coordinación e seguimento do Plan	Coordinar e desenvolve-lo Plan	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. O plan será coordinado polo Vicerrectorado de Calidade e Planificación Estratéxica.</li> <li>2. A avaliación e seguimento será encomendado á Comisión de Calidade e Planificación Estratéxica do Consello de Goberno.</li> </ol>		VR Calidade e Planificación Estratéxica	